

“PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN”

INEGA - CAMPAÑA 2009

ESTRATEGIA DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA (E4)

PLAN DE ACCIÓN 2008-2012

“Mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios existentes”

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste plan é reducir o consumo de enerxía das instalacións térmicas de calefacción, climatización e produción de auga quente sanitaria no sector residencial e terciario, a través da substitución de equipos convencionais (de baixa eficiencia) por equipos de alta eficiencia: caldeiras de condensación, equipos de climatización de clase A e bombas de calor de clase A.

Os equipos máis eficientes enerxeticamente teñen un prezo superior aos convencionais, polo contrario, o seu consumo enerxético ao longo de toda a súa vida útil é inferior coa conseguinte diminución no importe da factura enerxética que terá que pagar o consumidor. Deste xeito, o aforro enerxético obtido permite que o comprador recupere o sobreprezo pagado durante a vida do equipo. Para animar o comprador a tomar a decisión de adquirir un equipo máis eficiente, considerase conveniente incorporar un incentivo económico que é a subvención obxecto deste plan.

2. BENEFICIARIOS

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada residentes ou radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios de vivendas, edificios de vivendas ou de edificios destinados a outros usos, que estean situadas en Galicia.

3. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Será subvencionable a compra de equipos de potencia nominal maior ou igual que 5 kW e menor e igual a 70 kW coas seguintes características:

- Caldeiras de condensación.
(Rendemento: 4 estrelas ou equivalente)
- Equipos de aire acondicionado (só frío) aire-aire ou aire-auga.
(Rendemento: clase A¹)
- Bombas de calor (só calor ou reversibles) que teñan como foco frío o aire.
(Rendemento: clase A¹)

Os equipos a instalar deberán estar incluídos no “Listado do Plan Renove de Equipos de Climatización”. Este listado poderá consultarse na páxina web do Inega (www.inega.es) e irase actualizando durante o período de duración da campaña. Para isto, os fabricantes de equipos que desexen ser incluídos no listado ou que queiran cambiar os datos dispoñibles dos seus equipos deberán presentar no Inega a documentación xustificativa das súas características técnicas.

Inclúese a substitución de acumuladores eléctricos de calefacción por sistemas de calefacción a gas (só é elixible a caldeira) ou por bombas de calor.

Considéranse actuacións subvencionables aquelas que, cumprindo a regulamentación vixente e os requisitos antes descritos, soliciten a axuda correspondente e sexan realizadas a partir do 1 de marzo de 2010 e ata o 30 de xuño de 2010 ou ata esgotarse os fondos dispoñibles.

Os aparatos antigos substituídos deberán entregarse aos xestores autorizados para o seu correcto tratamento como residuo voluminoso conforme á normativa vixente.

¹ Cando non se dispoña dun sistema de etiquetado oficial poderase utilizar como referencia outro sistema de recoñecido prestixio, tal como EUROVENT (www.eurovent-certification.com), solicitando previamente a autorización ao Inega.

4. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 45€/kW da potencia nominal (en modo calefacción) da caldeira de condensación instalada co límite do 30% do seu custo (custo que será igual ou inferior ao de tarifa oficial incrementado cos impostos que correspondan).

No caso de equipos de equipos de aire acondicionado e bombas de calor que teñan como foco frío o aire, a contía máxima da axuda será de 150 euros/kW térmico co límite do 30% do seu custo (igual ou inferior ao de tarifa oficial incrementado cos impostos que correspondan).

5. FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIÓNABLES

A cantidade máxima destinada para esta convocatoria de axudas ascende a 1.000.000 euros. Eventualmente esta cantidade poderase ver incrementada con partidas sobrantes da xestión do exercicio 2009 do “Convenio Marco de Colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións contempladas no Plan de Acción 2008-2012, (PAE4+) da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España”. De producirse esta ampliación de fondos unha vez esgotado o orzamento inicial, reabrírase o prazo de presentación das solicitudes, informando os instaladores adheridos mediante unha nota de prensa na páxina web www.inega.es e unha mensaxe no taboleiro da aplicación informática da xestión do plan.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA

O prazo de presentación das solicitudes de axuda quedará aberto a partir do día 1 de marzo de 2010 e permanecerá aberto ata o día 30 de xuño de 2010 ou ata que se esgote o orzamento.

7. PROCESO DE ADHESIÓN DOS INSTALADORES AUTORIZADOS.

Só poderán adherirse a este plan os instaladores e empresas autorizados para a realización de instalacións térmicas en edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo para a presentación das solicitudes de adhesión comezará o 28 de decembro de 2009 e rematará o día 14 de febreiro de 2010, ou na data de fin anticipado do Plan por remate de fondos.

Tanto a adhesión como a tramitación das solicitudes do *Plan Renove de Equipos de Climatización* deberá facerse a través da aplicación informática habilitada para o efecto na páxina web do Inega (<http://www.inega.es/planrenoveclima2009>), existindo a posibilidade de facer todos os trámites de xeito telemático se se dispón de sinatura electrónica.

Os instaladores e/ou empresas que desexen adherirse ao *Plan Renove de Equipos de Climatización* deben encher o formulario de adhesión na páxina web do Inega (véxase o “Anexo II”: protocolo de adhesión). Despois, deberán presentalo de xeito telemático (se teñen sinatura electrónica), ou imprimilo e presentalo en papel por duplicado. O formulario de adhesión deberá vir acompañado do certificado bancario da titularidade da conta na que desexa recibir o ingreso das axudas e fotocopia do derradeiro recibo do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) ou, no caso de estar exento do pago, fotocopia de alta naquel.

Se a documentación se presenta en papel, deberá entregarse preferentemente no rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela; aínda que tamén é admisible a presentación no rexistro de calquera outro órgano da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez que se reciba a documentación, o Inega comunicará a aceptación ou denegación das solicitudes de adhesión facilitándolles aos instaladores adheridos un código do instalador/empresa, a documentación necesaria e o material de promoción deste plan (folletos, carteis,...).

8. COMPROMISOS DE ADHESIÓN

Os instaladores adheridos ao *Plan Renove de Equipos de Climatización* asumirán os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar os clientes interesados sobre o plan. Así mesmo, deberán incorporar na publicidade propia os logotipos do *Plan Renove de Equipos de Climatización* que se lles facilitarán para tal efecto.
2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude da axuda, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto, e comprobar que o edificio no que se vai realizar a instalación está situado na Comunidade Autónoma de Galicia. A aplicación informática confirmará a reserva de fondos e abrirá un prazo máximo de 60 días para presentar a documentación xustificativa de ter executado a obra.
3. Vender no marco da iniciativa só os equipos que cumpran coas condicións establecidas no apartado 3 do presente documento incluídos na base de datos de equipos eficientes do Inega.
4. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme co establecido no apartado 4 do presente documento.
5. Instalar o equipo obxecto de subvención e retirar o existente entregándoo a un xestor autorizado.
6. Realizar os cobros a través da súa conta bancaria (non debe admitir pagos en man).
7. Facilitarlle ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
8. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do *Plan Renove de Equipos de Climatización*.
9. Legalizar a instalación na delegación provincial da Consellería de Economía e Industria.

Se o Inega comprobara o incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos, poderá cancelar a adhesión do instalador a este Plan, previa audiencia do interesado. Esta cancelación non será recorrible de ningún xeito.

9. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

1. O comprador que queira substituír un equipo de baixa eficiencia dirixirse a un instalador adherido a esta iniciativa (ver protocolo de adhesión: Anexo II) e elixirá un equipo que cumpra os requisitos mínimos esixidos na base 3 do presente documento e que figure na base de datos de equipos eficientes dispoñible na páxina web do Inega. No caso de que o equipo non estea na citada base, o instalador deberá solicitar autorización para que o equipo se poida acoller á subvención enviando un correo electrónico ao enderezo: renoveclimatizacion@inega.es no que indique as características técnicas e de eficiencia verificadas por un organismo independente en base a unha norma europea de ensaio (excepto os equipos que teñan a clasificación enerxética esixida no punto 3 destas bases). O Inega indicarlle se o equipo a instalar é subvencionable ou non antes de transcorridas 96 horas desde a recepción da petición e se fose subvencionable incluírao no listado de equipos deste plan (non serán subvencionables os equipos que non estean incluídos no citado listado).
2. Unha vez adquirido o equipo, o instalador ou empresa instaladora cubre o **“FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA** (ver Anexo III), **mediante a aplicación informática habilitada para o efecto** (previa autorización polo Inega no caso de que fose necesario segundo o indicado no parágrafo anterior) e asegurarse que se trata dunha instalación situada no ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia.

3. O comprador asina a conformidade no formulario de solicitude de axuda (os 3 exemplares, quedando con un deles).
4. O instalador adherido instala o equipo e retira o vello para a súa reciclaxe.
5. **O instalador adherido cóbralle ao cliente o prezo total do equipo (IVE incluído) co desconto da axuda establecida na base 4 do presente documento. O importe pagado polo comprador e o desconto que pagará o Inega deben quedar reflectidos na factura.**
6. Dentro dos sesenta días despois de feita a solicitude de fondos, o instalador remitirá ao INEGA a seguinte documentación:
 - Unha lista coas solicitudes realizadas e executadas das que achega a documentación.

De cada solicitude executada deberá entregarse:

- Formulario de solicitude asinado.
 - Copia da factura detallada xustificativa do investimento debidamente asinada e selada polo instalador (que se emitirá despois de instalar o novo equipo). Deben indicar claramente as características do equipo que se instala (marca, modelo, potencia e rendemento) e o enderezo onde se realiza a obra.
 - Copia perfectamente lexible, sen emendas nin rascaduras do xustificante bancario do pagamento realizado polo beneficiario (transferencia bancaria ou xustificante bancario de ingreso efectivo por portelo) no que conste:
 - a) A identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda,
 - b) O número da factura que se está pagando,
 - c) A identificación da persoa, empresa ou entidade que recibe o pagamento.
 - Copia da tarifa oficial do fabricante onde figure o prezo do equipo.
 - Unha fotografía da instalación previa e outra da instalación nova desde o mesmo ángulo (no caso de presentación telemática cada foto terá un tamaño máximo de 2 MB).
 - Copia da solicitude de legalización da instalación onde figure o selo coa data de solicitude e as características técnicas do equipo instalado (procedemento IN622A). Se a instalación xa estivese legalizada só será necesario comunicar o cambio realizado á Delegación da Consellería de Economía e Industria e achegarse copia desa comunicación co selo de entrada.
7. Admitiranse formularios de solicitude de axudas ata o día 30 de xuño de 2010 ou ata a finalización dos fondos especificados no apartado 5.

O Inega informará os instaladores, mediante a aplicación informática de solicitude de axudas e mediante un anuncio inserido na súa páxina web da data na que finalicen os fondos asignados a este programa de axudas.

O Inega poderá pedir ao instalador a xustificación documental da entrega do equipo substituído a un xestor de residuos autorizado.

10. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E PAGO DAS AXUDAS

Os instaladores e/ou empresas poderán visualizar na aplicación informática o estado das reservas de crédito ao seu favor, na medida que vaian rexistrando as vendas, así como a súa posterior validación polo persoal do Inega

cando se reciba íntegra neste organismo público a documentación preceptiva para a percepción das axudas.

Cando a documentación referida no apartado 6 da base 9 estea completa, o Inega aboará ao instalador adherido o importe correspondente na conta bancaria establecida para tal efecto no prazo máximo dun mes desde a recepción no Inega de toda a documentación indicada.

A aplicación informática pola que se xestiona o Plan indicará polo menos as seguintes posibles situacións da solicitude de axuda co significado que se indica en cada caso:

Borrador: O solicitante ten datos sen acabar de cubrir (marcados en vermello).

Reservada: Esta solicitude ten fondos reservados. Está pendente de que o instalador envíe a documentación ao Inega.

Reservada Impresa: No caso de optar pola presentación física (en papel), ao pulsar por primeira vez este botón o estado cambiará a reservada impresa, podendo imprimirse en calquera momento. A solicitude ten fondos reservados, xa foi impresa e está pendente de que o Inega reciba a documentación xustificativa e que a valide.

Reservada impresa entregada: Se a solicitude chega impresa o Inega, o xestor pasaraa do estado de “reservada impresa” ao de “reservada impresa entregada”.

Reservada Telemática. No caso de optar por presentación telemática desde o estado reservada.

Validada: A documentación da solicitude xa foi recibida, comprobada e validada polo Inega, polo que se inicia o procedemento de pagamento.

Pago en trámite: Esta solicitude está en proceso de pagamento, nos próximos días recibirá o ingreso na súa conta.

Pagada. Informa de que a axuda solicitada xa foi pagada.

Cancelada: Esta solicitude foi cancelada por renuncia do solicitante, por estar fóra de prazo (60 días despois da solicitude sen cubrir a data de entrega da solicitude) ou por non cumprir as bases deste plan renove.

11. INCUMPRIMENTOS

O Inega resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control se estimen oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvención ou os instaladores e/ou empresas incumpriron algunha das condicións establecidas no *Plan Renove de Equipos de Climatización*, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de reintegrarlle ao Inega as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

Ademais, o incumprimento por parte dun instalador adherido consistente en aprazar o pagamento da axuda ao cliente final ata despois de que o Inega llo ingrese a el, en lugar de descontalo no momento do pagamento, suporá que ese instalador non se volverá admitir en ningún outro plan renove.

12. INCOMPATIBILIDADES

Esta liña de axudas é incompatible coas subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables de Galicia correspondentes ao exercicio 2009 reguladas na Resolución do 21 de outubro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 213 do 30 de outubro de 2009), así como coas subvencións recollidas na orde de axudas correspondente ao exercicio 2010 que serán publicadas polo Inega.

O importe das subvencións reguladas nestas bases en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo da actividade subvencionable.

13. DISPOSICIÓN FINAIS

1. O beneficiario obrigase a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Inega no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.
2. En todo o non previsto nestas bases, estarase ao establecido no Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I. CONCEPTOS QUE DEBEN FIGURAR NA FACTURA.

Para particulares os conceptos que deben figurar na factura son os seguintes:

Concepto	Prezo (euros)
Equipos coas características principais (<i>Marca, Modelo, Potencia, Rendemento</i>)	A
IVE (16%)	$B = 0,16 \times A$
Total con IVE	A + B
Desconto do Plan Renove de Equipos de climatización <i>(O mínimo de $P \times 45$ e $[A+B] \times 0,3$ para caldeiras; ou o mínimo de $P \times 150$ e $[A+B] \times 0,3$ para bombas de calor e equipos de aire acondicionado)</i>	C
Total a cobrar ao cliente	A + B - C

Os conceptos que figuran en negra poden aparecer na factura na parte reservada para a descrición dos elementos facturados.

(P: Potencia térmica del equipo)

Para autónomos ou empresas:

Concepto	Prezo (euros)
Equipos coas características principais (<i>Marca, Modelo, Potencia, Rendemento</i>)	D
IVE (16%)	$F = 0,16 \times D$
Total con IVE	D + F
Desconto do Plan Renove de Equipos de Climatización <i>(O mínimo de $P \times 45$ e $D \times 0,3$ para caldeiras; ou o mínimo de $P \times 150$ e $D \times 0,3$ para bombas de calor e equipos de aire acondicionado)</i>	E
Total a cobrar ao cliente	D - E + F

Os conceptos que figuran en negra poden aparecer na factura na parte reservada para a descrición dos elementos facturados.

(P: Potencia térmica del equipo)

ANEXO II

PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN Campaña 2009

PROTOCOLO DE ADHESIÓN

(Debe cubrirse mediante a aplicación informática
dispoñible na páxina web do INEGA)

Nome do instalador/empresa instaladora autorizada:		CIF:
Nº rexistro de instalador/empresa autorizada para a realización de instalacións térmicas en edificios:		
Enderezo:	C.P.:	Municipio:
Persoa de Contacto:		Cargo:
E-mail:	Teléfono:	Fax:
Conta corrente na que desexa recibir a axuda (20 díxitos):		
Código de Empresa (a asignar polo INEGA):		

“O solicitante consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do INEGA, coa finalidade de aplicar o presente programa de subvencións, así como para a realización de envíos informativos e de promoción que poideran resultar do seu interese. Do mesmo xeito, consente de modo expreso que os seus datos poidan ser cedidos ao INEGA para o seu uso con fins de envíos informativos ou promocionais e outras cesións previstas na Lei. O enchido dos cadros cos datos persoais ten carácter obrigatorio. O solicitante queda igualmente informado sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do INEGA Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703 Santiago de Compostela, de acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal”.

D./Dña.con N.I.F. en representación da empresa....., manifesta:

Que ostenta poder en vigor para representar a empresa.

Que coñece as bases e o procedemento establecido para acceder ás axudas recollidas na convocatoria Plan Renove de Equipos de Climatización do INEGA e que está de acordo e manifesta o seu sometemento expreso a estas.

SOLICITUDE DE ADHESIÓN

ACEPTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN

Asdo.

(Sinatura sen da empresa)

Asdo. Eliseo Diéguez García.

DIRECTOR DO INEGA

D./Dña. _____

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 200_

_____, ____ de _____ de 200_.

Deberá xuntar ao protocolo de adhesión unha fotocopia do DNI da persoa asinante, documento acreditativo da titularidade da conta corrente na que cobrará as axudas e fotocopia da alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) e, no caso de ter obriga de aboalo, fotocopia do derradeiro recibo do IAE.

O INEGA facilitará aos instaladores ou ás empresas adheridos o código de empresa, a documentación necesaria e o material promocional do Plan Renove de Equipos de Climatización.

Se o INEGA comprobara o incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos, poderá cancelar a adhesión do comercio ao Plan Renove, previa audiencia do interesado. Fronte a esta cancelación non caberá recurso.

DEBE ENVIAR 2 COPIAS ASINADAS (Unha seralle devolta coa sinatura do Director do Inega e a outra quedará en poder do Inega).

COMPROMISOS

Os instaladores ou ás empresas instaladoras adheridos ao programa mediante a sinatura do protocolo de adhesión, asumirán os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre ela. Así mesmo, deberán incorporar na publicidade propias os logotipos do Plan Renove de Equipos de Climatización que se lle facilitarán para tal efecto.
2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto, e comprobar que o edificio no que se realiza a obra está situado na Comunidade Autónoma de Galicia. A aplicación informática confirmará a reserva de fondos e abrirá un prazo máximo de 60 días para presentar a documentación xustificativa de ter feito a instalación (apartado 9.6 do presente documento).
3. Vender no marco da iniciativa unicamente os equipos que cumpran coas condicións establecidas na convocatoria do Plan Renove de Equipos de Climatización (apartado 3 do presente documento).
4. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme ao establecido na convocatoria do Plan Renove de Equipos de Climatización (apartado 4 do presente documento).
5. Instalarlle ao cliente o equipo adquirido e retirar o vello para o seu posterior reciclado segundo o procedemento establecido no Real decreto 208/2005, de 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.
6. Solicitar autorización para que o equipo poida acollerse á subvención, no caso de pretender instalar un equipo que non estea incluído na base de datos de equipos de climatización e caldeiras dispoñibles na páxina web do Inega, enviando un correo electrónico ao enderezo: renoveclimatizacion@inega.es no que indique as características de eficiencia verificadas por un organismo independente para que este sexa incluído na base de datos.
7. Enviar a documentación xustificativa para o cobro da subvención. Dentro dos 60 días desde que se fixera a reserva de fondos, deberá xuntar ao formulario de solicitude de axuda (anexo III), fotocopia da factura que inclúa os datos do comprador, importe da subvención, prezo final resultante e descrición do equipo que se instala (marca, modelo, potencia e rendemento), fotocopia da tarifa oficial do fabricante onde figure o prezo do equipo, fotocopia do xustificante bancario do pagamento realizado polo beneficiario no que figure a persoa que fai o pagamento (que debe coincidir co solicitante da axuda), o número de factura que se paga e a persoa ou empresa que recibe o pagamento (o instalador).

Esta documentación enviarase ao INEGA mensualmente (na primeira semana do mes, a mes vencido) ao seguinte enderezo:

INEGA (Plan Renove de Equipos de Climatización)
Rúa Avelino Pousa Antelo nº 5
15703 Santiago de Compostela

8. Facilitarlle ao INEGA canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
9. Cumprir coas condicións establecidas para o desenvolvemento do Plan Renove de Equipos de Climatización.

ANEXO III

PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN Campaña 2009

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA

(Debe cubrirse mediante a aplicación informática
dispoñible na páxina web do INEGA)

DATOS DA EMPRESA INSTALADORA

NOME DA EMPRESA:	CIF:
CÓDIGO DA EMPRESA (asignado polo INEGA):	

DATOS DO COMPRADOR

NOME E APELIDOS:		NIF:
ENDEREZO:		CONCELLO:
C.P.:	TELÉFONO:	Correo Electrónico:
Referencia catastral do inmueble no que se instala o equipo:		

"O comprador consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do INEGA, coa finalidade de aplicar o presente programa de subvencións como para a realización de envíos informativos e que puideran resultar do seu interese. Así mesmo, consente de modo expreso que os seus datos poidan ser cedidos ao comercio que se indica no presente formulario e que se fagan con esta documentación deste programa de subvencións en réxime de colaboración, coa finalidade exclusiva da súa promoción e financiamento das actuacións que constitúen o seu obxecto. De igual xeito, consente para que poidan ser cedidos ao INEGA para o seu uso coa finalidade de envíos informativos ou promocionais e as demais cesións previstas na Lei. É obrigatorio cubrir os cadros de ditos datos persoais. O comprador queda igualmente informado sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do INEGA na Rúa Avelino Casan Antelo nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela, de acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal"

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO QUE SE RETIRA

Marca e modelo	Tipo	Energía empregada (combustible/ Electricidade)	Potencia nominal (kW)	Rendemento nominal, COP ou EER (%)	Rendemento real na actualidade, COP ou EER (%)	Consumo anual (kWh/ano)
	<i>Caldeira, Bomba de calor, Equipo de aire acond.</i>	<i>Electricidade, Gasóleo, Gas natural, GLP</i>				

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO QUE SE INSTALA

Marca e modelo	Tipo	Energía empregada (combustible/ Electricidade)	Potencia nominal (kW)	Rendemento nominal, COP ou EER (%)	Rendemento ao 30% da carga, COP ou EER (%)	Consumo anual previsto (kWh/ano)
	<i>Caldeira, Bomba de calor, Equipo de aire acond.</i>	<i>Electricidade, Gasóleo, Gas natural, GLP</i>				

O COMPRADOR DECLARA:

- Que sabe que o equipo para o que solicita axuda deberá estar instalado antes de transcorridos 60 días desde a data de sinatura deste documento.
- Que os datos anteriormente indicados son certos.
- Que lle facilitará ao Inega tanta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
- Que coñece as bases do Plan Renove de Equipos de Climatización e acepta a subvención do INEGA autorizando para percibir o importe da subvención á empresa instaladora indicada no presente documento.
- Que non se atopa nos supostos que establece o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121 do 13 de xuño de 2007).
- Que o novo equipo cumpre as condicións esixidas no plan (substitúe a outro existente).
- Marque a que corresponda:

- Que autoriza ao Inega para que solicite de oficio os Certificados de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, para os supostos nos que a achega da subvención exceda de 3.000 euros.
- Que para aqueles casos nos que a contía non exceda dos 3.000 euros, que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ten débedas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Que está exento de achegar os mencionados xustificantes do cumprimento da conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos para Galicia para o ano 2008

O INSTALADOR/EMPRESA INSTALADORA DECLARA:

- Que o equipo se vai instalar no seguinte enderezo:

Rúa:	Nº	Portal:
C.P.:	Parroquia:	Provincia:

- Que antes de transcorridos 60 días desde a data deste documento instalará o equipo novo no enderezo citado, e retirará o vello entregándollo a un centro de residuos autorizado.

SINATURA DO COMPRADOR	SINATURA E SELO DA EMPRESA INSTALADORA:
Asdo. D/Dna. _____	Asdo. D/Dna. _____
_____, ____ de _____ de _____.	

Deberase xunto ao presente formulario:

o recibo da factura, que incluíra os datos do comprador, importe da subvención, prezo final resultante e marca, modelo, potencia e rendemento do equipo instalado, enderezo onde se realiza a obra. Deberá estar asinada e selada polo instalador.

- Copia do xustificante bancario do pagamento realizado polo beneficiario (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso efectivo por portelo, certificación bancaria,...). Debe figurar o nome da persoa que realiza o pagamento (que debe coincidir co solicitante), o número da factura que se está pagando, identificación do instalador que recibe o pagamento.
- Copia da tarifa oficial do fabricante onde figure o prezo do equipo.
- Unha fotografía da instalación previa e outra da instalación nova desde o mesmo ángulo (no caso de presentación telemática cada foto terá un tamaño máximo de 2 MB).
- Copia da solicitude de legalización das instalacións debidamente dilixenciada. Se a instalación xa estivese legalizada só será necesario comunicar o cambio realizado á Delegación da Consellería de Economía e Industria.

Esta documentación farase chegar ao INEGA remitíndoa ao seguinte enderezo:

INEGA (Plan Renove de Equipos de Climatización)
Rúa Avelino Pousa Antelo nº 5
15703 Santiago de Compostela

DEBE IMPRIMIR 3 COPIAS (Unha para o comprador, outra para a empresa instaladora e outra que debe enviar ao INEGA)